

Entrevista Galicia Hoxe

abril 2009

escrita

A arela de perpetuidade

Estíbaliz... Espinosa achégase no seu poemario “Zoommm. Textos biónicos” ao ser humano, que observa como un teimudo reprodutor e plaxiador de si mesmo

M. DOPICO . SANTIAGO



Estíbaliz confesa que publicar lle produce certa sensación de pudor

FOTO: Axencias

“Únicos no reino animal en se preguntar por eles mesmos”. “Únicos en se crer únicos”. “Tendencia a repelerse para facerse un sitio”. “Graves tentacións de asimilar e expulsar o mundo mediante/ palabras”. “Ambición de fabricar vida”. “De quedaren para sempre”. “De duplicarse como pingas de auga”. Así poderían presentarse os homes e mulleres ante un observador situado alén deles. E así se revelan aos ollos da observadora posible na que se converte a escritora Estíbaliz... Espinosa no seu libro *Zoommm. Textos biónicos*, cun xogo de perspectivas que achega ao lector, e á propia autora, a distintas dimensións do ser dos humanos.

O poemario foi publicado no 2007 na plataforma *A Regueifa*, baixo a licenza Creative Commons, con poemas recitados e musicados, cores... Agora, editao Xerais en papel. “Non son textos nados con vocación de conformar un libro. Recompíleos por notar que daban voltas sobre as mesmas teimas: o feito de escribir, a relación cósmica co resto dos seres vivos, a idea de creación de vida e a relación entre creador e criatura, a ciencia e a tecnoloxía: a cibernética, a astronomía...”, explicou Espinosa nunha entrevista.

A autora, gañadora do Premio Esquíu por *Pan (Libro de ler e desler)*, afonda neste novo poemario en cuestións xa apuntadas en *-orama* (2002) e *número e* (2004). Así, este novo libro aparece inzado da figura do autómeta, o cyborg.... o ser híbrido entre o natural e o artificial. “Hai moito interese nos ámbitos artísticos en poñer énfase na idea de creatividade, de acto de creación como algo case máxico, como se tentasemos equipararnos á divindade... En realidade, a creación é plaxio. A literatura é constante hipertexto... E isto faise evidente en internet: colles retallos doutra xente... Creamos con material que crearon outros...”, salientou.

Pero, a carón da mímese, do plaxio, da copia, que encarnan os autómetas, agroma, segundo Espinosa, a mutación, froito do erro, da variación sobre o mesmo tema... polo que é necesario seguir creando, mudando o creado de boca e de canle... “O meu interese polo ser humano como autómeta xorde dun caldo de influencias: a ciencia ficción, a filosofía, a cosmoloxía, a neurociencia... E o feito de verme posto a escribir en internet...” -o seu blog é *mmmm-*.

No libro, a autora-observadora traza un zoom que vai do pequeno ao grande, e propón un dobre xogo de relacións: a autora coa súa criatura, -o texto-, e co lector. “Todo testemuño parte dun eu subxectivo. Pero non sabemos o que é o eu... Interesábame tomar distancia: situándome no futuro, -que pensarán de nós no futuro- e o pasado remoto: o neanderthal, o que puidemos ser e non fomos... Adoptar unha perspectiva deshumanizada para entender o humano: miralo desde o cosmos...”, comentou.

RELACIÓN

A curiosidade ante o lector

“Non busco congratularme co lector. O meu enfoque é máis o do abraio, a curiosidade de saber quen é... Gústame pensar nos hipotéticos lectores: un que aínda non naceu, un que nunca me vai ler...”, reflexiona. “Interésame o ilusionismo, o simulacro... A literatura é trampa, no sentido de que podes pensar que podes atrapar a alguén dentro do texto, pero en realidade está no texto contigo, e non na túa vida. Por nomear algo non o posuímos...”, engade.

CONTIDO

A pulsión da vida e a morte

Os humanos tentan organizar o seu mundo. E facer listas é un xeito de logralo. “No libro hai listas, conversas do messenger... Internet permítenos capturar a fala viva, conversar por escrito...”, subliñou a autora. Outra teima humana é a autoperpetuación. “Rexistrámolo todo: reproducímonos a nós mesmos a través da arte, a fotografía, o cine... Temos a necesidade de trascendernos... É a pulsión da vida e a morte: emulamos a vida, como o científico que fai o autómatas, e esquivamos a morte...”, engadiu.

A memoria falsificadora

E ese desexo de perpetuación -o mesmo que move o amor, e a arela de ter fillos- revela para a autora un aspecto “tenro” do ser humano: “o escualidos que somos ante o universo”. A preocupación pola memoria, porque non se nos escape a memoria, ten relación con isto. “Por iso o rexistramos todo. Pero a memoria é falible, precaria, tanto a individual como a colectiva. É modificable, non inmutable, e non é veraz: falsifica, recrea a realidade. Antes confiábase en Deus como o inmutable, agora na memoria, a ciencia, a arte...”, cre.